


Autora: **GUIA RISARI**  
Ilustrador: **MARC TAEGER**

Encadernado en cartóné  
40 páxinas a toda cor. 22x28 cm.  
Dispoñible en:

- Galego: "Aquiles o puntiño"  
MareMar. ISBN 978-84-8464-568-9
  - Castelán: "Aquiles el puntito".  
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-35-2
  - Catalán: "Aquil·les el puntet"  
Kalandraka|Hipòtesi. ISBN 978-84-934380-0-5
  - Portugués: "Aquiles o pontinho"  
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-84-2
- Prezo: 15 €

**Ao principio, no medio dunha folla branca sen debuxos nin marcas, había un puntiño. Era claro, case transparente. O sol atravesábo como un espello de auga. Pouco a pouco o puntiño foise coloreando...**



## AQUILES O PUNTIÑO

Un dos temas que máis curiosidade lles suscita aos lectores cando son moi novos é a orixe das cousas. A eterna pregunta do "porqué" está en boca de todos os nen@s, acompañaos dende a nenez ata a madurez. Aquiles representa á perfección ese papel inquedo, que o leva a transformarse continuamente: faise crecer os ollos, a boca, o nariz, as orellas, os brazos e as pernas; todos coa función de ir máis aló, de experimentar vivencias novidosas, de crecer como ser vivo e coñecer todo o que lle rodea.

Non importa tanto a clase de ser vivo que é Aquiles. A proposta plástica de Marc Taeger non aclara o xénero ao que pertence. Pero o texto e maila imaxe deixan perfectamente claro dende as primeiras páxinas que Aquiles posúe unha gran personalidade, con moita iniciativa e unha enorme sensibilidade. O ilustrador traballa con diferentes clases de papel que previamente pinta e logo recorta, dándolles forma para facer composicións coa técnica do collage.

Contemplan o que lle rodea, explorar o seu contorno, gozar coas pequenas cousas da vida, experimentar sensacións como a felicidade, e enriquecerse día a día en emocións e sentimentos, son algunhas das cousas que nos invita a compartir Aquiles e polo que paga a pena coñecelo.

### GUIA RISARI (Milán, 1971)

Estudou na Universidade Statale (Italia) e na Sorbona (Francia). Estivo vencellada á docencia e ao xornalismo en medios como L'Unità. Desenvolveu outra faceta como tradutora e escritora de ensaios, contos e fábulas. Actualmente adícase á literatura

relacionada con temas de emigración. Colabora con diversas editoriais e revistas.

### MARC TAEGER (Berna, Suiza, 1963)

Animación, pintura, escultura e arte gráfica son algúns dos eidos nos que realiza a súa obra, que se expuxo en Luxemburgo, Alemaña, China, España e Francia, entre outros países. Residiu en Milán, Nápoles (Italia), Schriesheim (Alemaña), Lisboa (Portugal) e Barcelona. Instalouse en Galicia, onde traballa como deseñador para medios de prensa e axencias de publicidade. Polo seu traballo de ilustración e deseño no libro titulado "A verdadeira historia de Carapuchiña", editado por KALANDRAKA, recibiu o Premio Daniel Gil de Deseño Editorial 2005. Foi o creador da imaxe gráfica da I Feira do Libro e da Industria Cultural de Galicia 'CulturGal'.

- **Temática:** crecemento
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións abstractas e de cores chamativas; Taeger recibiu o Premio Daniel Gil de Deseño Editorial polo seu anterior traballo, "A verdadeira historia de Carapuchiña"; publicado tamén en italiano: "Achille il puntino"
- **Aplicacións:** aprender as partes do corpo, os sentidos corporais; riqueza léxica; descripción do contorno cercano; practicar o debuxo de formas e texturas, tamén coa técnica do collage

